



EXCMO. CONCELLO  
DE  
TUI

**AVELINO MARTINEZ PEREZ, SECRETARIO DO TRIBUNAL ENCARGADO DE AVALIA-LO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO DE DOCE AUXILIARES DE POLICIA LOCAL PARA O CONCELLO DE TUI “.**

**CERTIFICA** : Que , por unanimidade dos membros do tribunal, reunido o día 16/03/2021, acordou o que a continuación se transcribe literalmente:

*Ás 08:00 horas do día 16 de marzo de 2021, reúnese o Tribunal Avaliador das probas selectivas para a contratación laboral temporal a tempo completo de doce auxiliares de policía local para a resolución de alegacións, coa asistencia dos seguintes membros:*

- D. David González Martínez, como Presidente.*
- D. Pablo Alvarez Caloto, vocal*
- D. Manuel Fernández Fernández, vocal*
- D. Germán Souto Presa, vocal*
- D. Avelino Martínez Pérez, como Secretario.*

*Con data 10/03/2021 (n.r.e 2021-E-RE-641) Don Adrian Outeiral Vilas, presenta unha reclamación en relación os criterios de corrección empregados polo tribunal, indicando o seguinte,*

*“Los criterios de corrección fueron entregados en la misma plantilla del examen y en el mismo momento, en medio del nombre del aspirante y de las primeras preguntas, tal y como se refleja en la imagen que se inserta, sin que se diese explicación alguna a la fórmula que el tribunal decidió emplear para la obtención de la calificación de los aspirantes.*

*Al no conocer de antemano esta información “determinante”, es muy probable que muchos candidatos la hayan pasado por alto por lo que la forma de responder podría haber sido distinta (en otros procesos selectivos las preguntas en blanco no restan ni penalizan a la hora de obtener la calificación final).”*

*(...)*

**Por todo ello,**

- Para no ver vulnerados mis derechos de acceso al empleo público tal y como recoge el art. 55 del Estatuto Básico del Empleado Público aprobado por el Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre.*
- Para que **el Tribunal** no incurra en arbitrariedad a la hora de calificar a los opositores.*

**Solicitando:**

*“La repetición del proceso selectivo para que quede garantizado el acceso en igualdad de oportunidades y la publicidad de los criterios de calificación o puntuación con anterioridad a la realización de las pruebas.”*

**Resposta do tribunal:**

*As bases de selección indicaban,*

*“Na proba de avaliación dos coñecementos das persoas aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo I desta convocatoria. Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. As persoas aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización. A proba, terá carácter obrigatorio e eliminatorio, e cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso alcanzar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. Corresponderalle ao órgano de selección determinar o número de respostas correctas esixido para conseguir esa puntuación mínima.”*

*Neste caso se deixa a criterio do tribunal o número de respostas correctas esixido para conseguir esa puntuación.*



*O aspirante indica que non coñecía de antemán a fórmula de corrección, por indicar que se atopaba no propio exame; entre o nome e as primeiras preguntas, agora ben a pesar de que este tribunal non realizou indicación verbal algunha coma o aspirante manifesta, no mesmo parágrafo onde se indicaba a fórmula de corrección se sinalaban outras dúas pautas que o aspirante si que tivo en conta na realización da proba.*

*A primeira o sistema de sinalización da resposta correcta, que se indicaba "con un círculo" e a forma de sinalar en caso de erro, e unha segunda pauta de asinar o exame o final no lugar indicado.*

*A pesar de que o aspirante indica que descoñecía antes do comezo do exercicio a fórmula de corrección, sinalou correctamente cada unha das súas respostas con un círculo, pauta sinalada no propio exercicio a continuación do texto onde se indicaba a fórmula de corrección.*

*Por todo o anterior este tribunal non actuou con arbitrariedade, dado que o criterio de corrección estaba perfectamente indicado no exercicio, entregado a todos e cada un dos aspirantes.*

*Engadir que a falla de coñecemento do criterio de corrección indicado polo aspirante, baseado na ubicación do mesmo (en medio del nombre del aspirante y de las primeras preguntas), non impediu ao aspirante sinalar; tal e coma indicaba a pauta (con un círculo) situada no mesmo lugar; correctamente todas as súas respostas e asinar o final do exercicio.*

*Por todo o anterior este tribunal DESESTIMA a alegación de falla de coñecemento previo da fórmula de corrección, presentada por Don Adrián Outeiral Vilas con data 10/03/2021 (n.r.e 2021-E-RE-641), dado que a mesma se atopaba ubicada no mesmo lugar que o criterio de sinalización da resposta polo aspirante que si que utilizou correctamente.*

*Mantendo as puntuacións provisionais asignadas a cada un dos aspirantes.*

Contra as resolucións e os actos de trámite deste Tribunal, si estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o sr. Alcalde, no prazo dun mes (LPAC).

E para que así conste, expido a presente, en Tui, 16 de marzo de dous mil vinte e un.

O Secretario do Tribunal:

Asdo.: Avelino Martinez Perez.

